

Santo Adrián de Corme, unha nova igrexa que acolleu o Vello Santo

En tempos pasados, a maior parte da poboación desta parroquia vivía no pequeno val de Gondomil e Froxán, onde se atopaba a igrexa parroquial xa desaparecida de Santo Adrián Vello. A que hoxe vemos, de estilo barroco, situada neste lugar de Aldea Grande, substitúe a anterior e data de 1791. No cemiterio do antigo igrexario había tampas sepulcrais con representacións de figuras humanas ou ferramentas, semellantes ás que se conservan na igrexa de Noia.

O patrón da parroquia, na vella e na nova igrexa, é Santo Adrián, patrón dos mariñeiros, mártir romano a quen se lle atribúe a lenda de cristianizar estas terras costeiras e liberar os seus habitantes dunha praga de serpes. Preto de aquí atópase a Pedra da Serpe, un curioso monumento relacionado con cultos ancestrais prerromanos cristianizado cunha cruz.

■ En Froxán aínda se conserva esta tampa sepulcral, na que se representa unha figura antropomorfa. Estaba diante da porta principal de Santo Adrián Vello.



■ Ao pé deste singular cruceiro podemos ver o relevo dunha serpe alada. Tanto en Corme como en Malpica, Santo Adrián aparece relacionado coas serpes.



A igrexa tamén acolle a Virxe da Estrela

No fondo do val de Gondomil está a fermosa praia da Ermida, fronte a illa da Estrela, na que se atoparon antigas sepulturas, pois aquí se enterraban os mortos descoñecidos que traía o mar. Nela hai un castro e os restos dunha capela dedicada á Virxe da Estrela. Aínda hoxe se celebra a romaría da Estrela, o luns de Pascua, coincidindo coas mareas vivas que permiten pasar a pé á illa.



■ Como noutras vilas costeiras, os mariñeiros ofrecen o barco ó Santo, en acción de grazas ou buscando a súa protección.

Falando cos veciños poderemos coñecer contos e lendas que forman parte dun rico patrimonio oral que non debemos perder